



## Axudas para a adquisición de libros de texto (curso 2014-15)

### Requisitos:

- Non repetir curso

### Lugar de presentación:

- Na secretaría do centro
- Unha solicitude por cada alumno/a

### Prazo de presentación:

- Alumnado que formalice a matrícula en xuño:  
**do 25 de xuño ao 28 de xullo** (ambos inclusive)
- Alumnado que formalice a matrícula en setembro:  
**do 2 de setembro ao 2 de outubro** (ambos inclusive)

### Solicitude (Anexo I):

- Poderá obterse na secretaria do centro ou na páxina web.

### Documentación que hai que presentar coa solicitude:

- **Libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar.** No caso de non ter libro de familia ou se a situación familiar a día 31 de decembro de 2011 non coincide coa reflectida no libro, hai que presentar documentación que acredite o número de membros da unidade familiar (*sentenza de separación, certificado de convivencia, informe dos servizos sociais,...*).
- **No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar** deberá acompañar certificado do grao de minusvalía cunha porcentaxe igual ou superior ao 33%.
- **No caso de situación de violencia de xénero:** documentación acreditativa.

### Contía das axudas:

#### **Familias monoparentais** (compostas por un só proxenitor):

- ▶ Renda per cápita familiar ata 6.000 euros: 180 euros
- ▶ Renda per cápita familiar desde 6.000,1 ata 9.000 euros: 104 euros

#### **Resto das familias:**

- ▶ Renda per cápita familiar ata 5.400 euros: 180 euros
- ▶ Renda per cápita familiar desde 5.400,1 ata 9.000 euros: 104 euros

### Como calcular a «renda per cápita familiar»:

- Súmanse os recadros 455 e 465 da **declaración da renda correspondente ao ano 2012**.
- O resultado da suma anterior divídese entre os membros da unidade familiar.

### Quen forma a unidade familiar:

- Os pais non separados legalmente
- Os fillos ou fillas menores de idade
- Os fillos ou fillas maiores de idade con discapacidade
- Os fillos ou fillas solteiros menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar

**OS BENEFICIARIOS DAS AXUDAS TERÁN A OBRIGA DE CONSERVAR EN BO ESTADO OS LIBROS DE TEXTO ADQUIRIDOS, XA QUE DEBERÁN INCORPORALOS AO REMATAR O CURSO A UN FONDO SOLIDARIO QUE SE CONSTITUIRÁ NO CENTRO E ASÍ PERMITIR A SÚA REUTILIZACIÓN NOS SEGUINTES CURSOS A OUTROS ALUMNOS/AS.**